



TAXA POLOS SERVICIOS PRESTADOS NO CONSERVATORIO PROFESIONAL E ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL

Nº 27

Artigo 1. Natureza e fundamento

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 58 da Lei 39/88, de 28 de decembro, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, de 28 de decembro, acorda a imposición e ordenación da **Taxa por servicios prestados no Conservatorio Profesional e Escola de Música municipal**.

Artigo 2. Feito imponible

Constitúen o feito imponible da Taxa a prestación dos servicios no Conservatorio Profesional e Escola de Música municipal, especificados na tarifa desta taxa.

Artigo 3. Suxeitos pasivos

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servicios ou actividades que se detallan na tarifa desta taxa.

Artigo 4. Responsables

- Serán responsables solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.
- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.



Artigo 5. Cota tributaria

A contía da taxa esixirase con arranxo á tarifa que se indica:

a) Escola de Música municipal.

	<u>CONTÍA/EUROS</u>
Curso completo.....	222,77
Disciplinas soltas, por cada unha.....	74,26
Primeira inscrición.....	18,53
Por servizos xerais.....	11,17

b) Conservatorio Profesional de Música.

GRAO ELEMENTAL

	<u>CONTÍA/EUROS</u>
Curso completo.....	222,77
Disciplinas soltas, por cada unha.....	74,26
Primeira inscrición.....	18,53
Por servizos xerais.....	10,95

GRAO MEDIO

	<u>CONTÍA/EUROS</u>
Curso completo.....	445,56
Proba de acceso.....	74,26
Disciplinas soltas, por cada unha.....	111,44
Primeira inscrición.....	18,53
Por servizos xerais.....	11,17

Artigo 6. Beneficios fiscais

Gozarán de bonificacións, as familias numerosas segundo a súa categoría.

Primeira categoría	reducción do 50%
Segunda categoría	reducción do 75%
De honor	gratuíta

Artigo 7. Ingreso

1. O pagamento da taxa efectuarase na Tesourería municipal, para o que se utilizará o impreso que se aprobe, que se emitirá por cuadruplicado na oficina de matriculación, quedando un exemplar na dita oficina, outro para a Tesourería, outro para Intervención e outro para o interesado.



Non terá validez ningunha se non consta o recibín da cantidade subscrita polo Tesoureiro e a toma de razón polo Interventor, ou funcionarios que actúen por orde ou en substitución.

2. O pagamento a que se refire o punto anterior poderase fraccionar en dúas partes: a primeira, polo sesenta por cento do importe que corresponda, que se acreditará no momento da inscrición, e a segunda, polo corenta por cento restante, pagadeira ata o 15 de xaneiro inmediato seguinte.
3. A inscrición ou matrícula non será formalizada e carecerá de toda validez se non consta fehacientemente acreditado o pagamento da taxa.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza, aprobada definitivamente na sesión plenaria do 23 de novembro de 1998, entrará en vigor unha vez publicado o seu texto no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 1999.

Publicación B.O.P. : 3.02.1999

Modificacións realizadas:

	Acordo	Publicación B.O.P.
1ª	Pleno 13.12.2002	12.03.2003
2ª	Pleno 10.11.2003	26.12.2003
3ª	Pleno 08.11.2004	30.12.2004
4ª	Pleno 10.11.2005	29.12.2005
5ª	Pleno 13.11.2006	30.12.2006
6ª	Pleno 05.10.2007	11.12.2007
7ª	Pleno 02.10.2008	10.12.2008